
4.4. *Sobre a execución de plans ou programas* de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

5. *Memoria anual*:

5.1. Sobre a *situación económica e social* de Galicia.

5.2. *Sobre recomendacións ou orientacións,* se é o caso, acerca da política orzamentaria.



Ano	Orzamento	%
2007	€ 1,192.00	
2008	€ 1,307.00	10%
2009	€ 1,288.00	-1%
2010	€ 1,175.00	-9%
2011	€ 788.00	-33%
2012	€ 792.00	1%
2013	€ 762.60	-4%
2014	€ 762.60	0%

OBXECTIVOS PARA O ANO 2014

Na actual conxuntura de crise económica e diminución dos ingresos das Administracións públicas, atendencia xeneralizadadestas é a de adoptar políticas de austeridade no gasto e na previsión orzamentaria dos organismos públicos.

Neste contexto o Consello Económico e Social de Galicia ven obrigado a facer un notable esforzo de contención das principais partidas presupostarias, para presentar agora un presuposto de cara ao 2014 coas mesmas dotacións orzamentarias que no exercicio anterior, que conforme coa dita disciplina permita consolidar a liña de equilibrio orzamentario xa iniciada sen renunciar á atención das tarefas básicas que é necesario acometer conforme á misión por Lei encomendada. **O CES veu significativamente reducidas as súas dotacións presupostarias a partires dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, como pode observarse así mesmo do gráfico anterior. Hai que sinalar, finalmente, o esforzo e a boa disposición das organizacións que compoñen este Consello para que as funcións esenciais do CES non estén en perigo, ante un presuposto de subsistencia.**

Abórdase agora así, no presente documento, a proposta de orzamentos para o vindeiro exercicio de 2014.

EXPLICACIÓN DAS DIFERENTES PARTIDAS DE GASTO.

De xeito xeral, os gastos do CES poden agruparse en tres grandes capítulos: gastos de persoal, pagamento de servizos externos, compensacións ou asignacións económicas ás organizacións, entidades e asociacións presentes no Pleno por asistencias ás reunións dos seus órganos colexiados e, finalmente, inversións reais.